

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL CAMPO LAMEIRO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA ÁS ACTUACIÓNS NO CENTRO SOBRINO BUHIGAS*

#### **ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA ÁS ACTUACIÓNS NO CENTRO SOBRINO BUHIGAS**

Expediente: Imposición ea APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA ÁS ACTUACIONES NO CENTRO SOBRINO BUHIGAS.

Trámite: Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial.

O Pleno do Concello, na súa sesión do 30-10-2015 aprobou inicialmente a imposición ea APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA ÁS ACTUACIONES NO CENTRO SOBRINO BUHIGAS.

Non se presentaron alegacións durante o prazo conferido ao efecto (BOP nº 228, de 25-11-2015), polo que se entende elevado a definitivo o acordo de aprobación ata agora inicial, de conformidade co sinalado no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e permanecerá en dita situación ate tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

#### **APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA ÁS ACTUACIÓNS NO CENTRO SOBRINO BUHIGAS**

En virtude da Providencia de Alcaldía, visto o informe de Secretaría e mais a Memoria económico-financiera, visto o proxecto de Ordenanza reguladora do prezo público, e demais documentos que constan no expediente, e segundo o informe -propuesta de Secretaría, así como o Ditame da Comisión de Contas e Patrimonio de data 30 de outubro de 2015.

O Pleno do Concello, previa deliberación, por unanimidade, acorda:



**PRIMEIRO.** Aprobar o establecemento de prezo público pola entrada a actuacións no Centro Sobrino Buhigas e a Ordenanza fiscal reguladora do mesmo, segundo constan no expediente, e co tenor literal seguinte:

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DEL PRECIO PÚBLICO PARA LA ENTRADA A LAS ACTUACIONES EN EL CENTRO SOBRINO BUHIGAS POR LA ASISTENCIA A ACTIVIDADES CULTURALES Y ARTISTICAS**

**ARTÍCULO 1. Obxecto**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas no artigo 41 en relación co 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei de Facendas Locais, establece o presente prezo público a satisfacer para a entrada ás actuacións que se desenrolen no Centro Cultural Sobrino Buhigas ofrecidas polo Concello de Campo Lameiro.

**ARTÍCULO 2. Feito Impoñible**

O feito impoñible está constituído pola entrada ás actuacións que se organicen nas instalacións municipais.

**ARTÍCULO 3. Obrigados ao Pago**

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza, as persoas físicas que soliciten acceder ás referidas instalacións municipais [as instalacións ou recintos onde se preste a actividade].

**ARTÍCULO 4. Contía**

[Téñase en conta que en virtude do artigo 44 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custe do servizo prestado o da actividade realizada. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. nestes casos deberán consignarse nos presupostos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante si a houbera].

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a cantidade establecida na seguinte tarifa:



ACTUACIONES	ENTRADA	
ACTUACIÓN S INFANTILES	INFANTIL:3 euros	ADULTO:5 euros
ACTUACIÓN S TEATRALES	INFANTIL:3 euros	ADULTO:5 euros
<b>CONCERTOS</b>		
ESPECTÁCULOS/ACTIVIDADES VARIAS/ E OUTROS	INFANTIL:3 euros	ADULTO:5 euros

Infantil: nenos/as en idades de 6 a 15 anos, ambas inclusive.

Os menores de 6 anos acceso gratuíto.

## ARTIGO 5. Obrigación e Forma de Pago

A obrigación de pagar o prezo público nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, ou a realización da actividade.

O pago do prezo público farase efectivo en metálico no momento do acceso ás instalacións [as instalacións ou recintos onde se preste a actividade] da persoa obrigada o pago, a quen se entregará un recibo numerado e selado.

Cando por causas non imputables ao obrigado o servizo non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

[Se entenderá causa imputable ao Concello a orixinada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada o provocada por actuacións, feitos, obras condutas o comportamentos dos interesados.]

## ARTIGO 6. Modificación

A modificación dos prezos públicos fixados na presente Ordenanza corresponderá ao Pleno da Corporación.

## ARTIGO 7. Infraccións e Sancións

As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremo e de conformidade coa normativa de recadación que sexa de aplicación.

## ARTIGO 8. La Lexislación Aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza se estará ao disposto no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba el Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, así como na Ordenanza Fiscal Xeral aprobada por este Concello.



## Recursos procedentes

Contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

